O Pleno do Concello de Ribadavia, na sesión extraordinaria urgente do 5 de marzo de 2021 adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación do artigo 5 dos estatutos do Concello Municipal de Deportes que pasaría a ter a seguinte redacción:

Presidente/a: alcalde/sa de Ribadavia ou persoa na que delegue.

Vicepresidente/a: concelleiro/a de Deportes do Concello de Ribadavia, se fose o caso, ou persoa na que delegue.

Segundo.- Someter o presente expediente a información pública e audiencia dos interesados, polo prazo de trinta días para que presenten reclamacións e suxestións, que serían resoltas, no seu caso, polo Pleno. En caso de que non se presentase ningunha reclamación ou suxestión entenderase definitivamente adoptado o acordo inicial, debéndose publicar a presente modificación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e na páxina web do concello de Ribadavia.

Publicase isto para xeral coñecemento en cumprimento do previsto nas disposicións legais e regulamentarias de aplicación.

Ribadavia, 5 de marzo de 2021. Alcaldesa.

Asdo.: Noelia Rodríguez Travieso.

*Acuerdo del Pleno, de 5 de marzo de 2021, por el que se aprueba la modificación de los estatutos del organismo autónomo Consejo Municipal de Deportes de Ribadavia.*

*El Pleno del Ayuntamiento de Ribadavia, en la sesión extraordinaria urgente de 5 de marzo de 2021 adoptó el siguiente acuerdo:*

*Primero.- Aprobar inicialmente la modificación del artículo 5 de los estatutos del Consejo Municipal de Deportes que pasaría a tener la siguiente redacción:*

*Presidente/a: alcalde/sa de Ribadavia o persona en la que delegue.*

*Vicepresidente/a: concejal/a de Deportes del Ayuntamiento de Ribadavia, si fuera el caso, o persona en la que delegue.*

*Segundo.- Someter el presente expediente a información pública y audiencia de los interesados, por el plazo de treinta días para que presenten reclamaciones y sugerencias, que serían resueltas, en su caso, por el Pleno.*

*En caso de que no se presentara ninguna reclamación o sugerencia se entenderá definitivamente adoptado el acuerdo inicial, debiéndose publicar la presente modificación en el Boletín Oficial de la Provincia de Ourense y en la página web del ayuntamiento de Ribadavia.*

*Lo que se hace público para general conocimiento, en cumplimiento de lo previsto en las disposiciones legales y reglamentarias de aplicación.*

*Ribadavia, 5 de marzo de 2021. La alcaldesa.*

*Fdo.: Noelia Rodríguez Travieso.*

**R. 638**

## Ribadavia

Unha vez aprobado inicialmente polo Pleno desta Corporación, na sesión extraordinaria urgente que tivo lugar o pasado día 5 de marzo, o orzamento ordinario para o exercicio de 2021, as súas bases de execución, o cadro de persoal e a relación de postos de traballo para o devandito exercicio, en cumprimento do sinalado no artigo 169.1 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei de facendas locais e disposicións concordantes, está exposto ao público na secretaría deste concello polo prazo de quince días hábiles, que comezarán a contarse dende o seguinte ao da inserción deste edicto no BOP, para que durante este poidan formularse as reclamacións ou alegacións que se consideren oportunas, as cales serán dirixidas á alcaldesa deste concello.

Ribadavia, 5 de marzo de 2021. A alcaldesa.

Asdo.: Noelia Rodríguez Travieso.

*Una vez aprobado inicialmente por el Pleno de esta Corporación, en la sesión extraordinaria urgente celebrada el pasado día 5 de marzo, el presupuesto ordinario para el ejercicio de 2021, sus bases de ejecución, la plantilla de personal y la relación de puestos de trabajo para dicho ejercicio, en cumplimiento de lo señalado en el artículo 169.1 del Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales y disposiciones concordantes, está expuesto al público en la secretaría de este ayuntamiento por el plazo de quince días hábiles, que comenzarán a contarse desde el siguiente al de la inserción del presente edicto en el BOP, para que durante el mismo puedan formularse las reclamaciones o alegaciones que se consideren oportunas, las cuales serán dirigidas a la alcaldesa de este ayuntamiento.*

*Ribadavia, 5 de marzo de 2021. La alcaldesa.*

*Fdo.: Noelia Rodríguez Travieso.*

**R. 637**

## Vilar de Santos

Por acordo da Alcaldía, con data 08/03/2021, aprobáronse as bases reguladoras da convocatoria para a concesión de subvencións para a rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rexeneración e Renovación Urbana do Núcleo de Vilar de Santos (Área de Rehabilitación Integral (ARI) do núcleo rural de Vilar de Santos); Plan estatal de vivenda 2018-2021 (RD 106/2018).

Bases e convocatoria para a concesión de subvencións para a Área de Rexeneración e Renovación Urbana do Núcleo de Vilar de Santos (Área de Rehabilitación Integral (ARI) do Núcleo Rural de Vilar de Santos) Plan estatal de vivenda 2018-2021 (RD 106/2018):

### Base 1. Obxecto.

O obxecto das presentes bases é a regulación da concesión de subvencións para a rehabilitación de edificios e vivendas situadas no ámbito do Área de Rehabilitación Integral / Área de Rexeneración e Renovación Urbana, en adiante ARRU / ARI, do núcleo rural de Vilar de Santos, en base ao convenio suscrito o 30 de xullo de 2018 entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución do Plan estatal de vivenda 2018 - 2021, así como ao Acordo da Comisión Bilateral do 29 de outubro de 2020, suscrito entre o Ministerio de Fomento, o Instituto Galego de Vivenda e Solo - Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, e o Concello de Vilar de Santos, que remata o 31 de decembro do 2021.

### Base 2. Principios xerais.

A xestión das axudas á rehabilitación de vivendas regulada nas presentes bases realizarase de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como de eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e da eficacia na asignación e utilización dos recursos públicos.

### Base 3. Ámbito das actuacións.

As actuacións de rehabilitación estenderanse, exclusivamente, á Área de Rehabilitación Integral (ARI) do Núcleo Rural de Vilar de Santos, declarada o 21 de xuño do 2011.

### Base 4. Actuacións subvencionables.

Con carácter xeral, serán subvencionables as actuacións recollidas nos artigos 36, 43 e 51 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, polo que se regula o Plan estatal de vivenda 2018-2021, que se poden resumir nas seguintes:

- Obras de conservación e/ou adecuación estrutural e de seguridade dos edificios.
- Obras de mellora da eficiencia enerxética e de sustentabilidade.
- Obras de mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade, así como de adecuación das vivendas e dos seus accesos á normativa vixente de accesibilidade.
- Outras obras que impliquen adaptar os edificios, as vivendas e as súas instalacións aos novos estándares establecidos pola nova normativa de aplicación, aínda nos casos nos que a dita normativa non obrigue a súa execución.

Poderanse incluír os honorarios dos profesionais, o custo de redacción de proxectos, informes técnicos e certificados precisos, así como os gastos derivados da tramitación administrativa, sempre que todos eles estean debidamente xustificadas.

Non se poderán incluír impostos, taxas ou tributos.

Para estes efectos, consideraranse como custos derivados da tramitación administrativa aqueles gastos que o solicitante puidese satisfacer a unha empresa ou profesional por levar a cabo a xestión administrativa e documental da súa solicitude e das actuacións recollidas nela; ademais de estar reflectidos tanto

nos orzamentos presentados para a cualificación provisional como nas facturas presentadas para a obtención da cualificación definitiva.

### Base 5. Requisitos xerais.

Para os efectos de obter as axudas previstas nas presentes normas de procedemento, será necesario o cumprimento dos seguintes requisitos:

1.- Os inmobles e os usos para os que se soliciten axudas deberán ser conformes co Plan xeral de ordenación municipal de Vilar de Santos e co resto de determinacións da normativa en vigor.

2.- As obras proxectadas deberán obter a preceptiva licenza municipal de obras ou, de ser o caso, tramitar a comunicación previa oportuna, así como dispoñer de todas as autorizacións sectoriais preceptivas.

3.- Non se subvencionarán obras ou partidas de obras iniciadas con anterioridade á realización da primeira visita técnica ao inmovible por parte dos técnicos da Oficina de Rehabilitación; e non se subvencionarán obras rematadas con anterioridade á resolución provisional da concesión da subvención.

4.- A edificación ou vivenda, unha vez finalizadas as actuacións, debe ter uso residencial permanente, para uso propio ou arrendamento.

5.- As obras que se dirixan á actuación sobre os elementos comúns do edificio deberán garantir as debidas condicións de coherencia técnica e construtiva co estado de conservación do edificio e das instalacións.

6.- Non se poderán subvencionar actuacións nos edificios e vivendas nos que, coa realización das obras, non se obteñan as debidas condicións de seguridade e de habitabilidade das vivendas.

7.- Os edificios deberán ter polo menos o 60% da súa superficie útil destinada ao uso de vivenda.

### Base 6. Beneficiarios.

1. Poderán ser beneficiarios das subvencións quen asuma a responsabilidade da execución integral do ámbito de actuación, xa sexan as propias administracións públicas, os propietarios únicos de edificios de vivendas ou os inquilinos autorizados polo propietario, as comunidades de propietarios, as agrupacións de comunidades de propietarios e os consorcios e entes asociativos de xestión.

As persoas e as entidades beneficiarias das axudas deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 7.2 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo:

- Cando os beneficiarios sexan persoas físicas deberán posuír a nacionalidade española. No caso dos estranxeiros, deberán ter residencia legal en España.

- Cando sexan persoas xurídicas, deberán acreditar ou declarar expresamente na súa solicitude que se atopan debidamente constituídas, segundo a normativa que lles sexa de aplicación. En caso de entidades que carezan de personalidade xurídica propia, deberán facerse constar expresamente os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe da subvención para aplicar por cada un deles.

2. Cando a execución da actuación corresponda a varios beneficiarios, a axuda distribuirase en proporción ao custo asumido por cada un. Non obstante, cando incorra nunha ou varias das prohibicións establecidas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, non se atribuirá ao dito propietario a parte proporcional que lle correspondería da axuda recibida, que se rateará entre os restantes membros da comunidade ou agrupación.

3. Non poderán obter a condición de beneficiarios/as aqueles nos que concurra algunha das circunstancias previstas no artigo



10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia ou no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións ou a quen se lle revogase algunha das axudas contidas neste ou en anteriores plans de vivenda por causas imputables á persoa ou entidade solicitante.

Base 7. Obrigacións dos beneficiarios.

As obrigacións dos beneficiarios serán as seguintes:

1.- Realizar a totalidade das actuacións de rehabilitación para as que se concedeu a axuda, de conformidade coa resolución de cualificación provisional.

2.- Destinar a vivenda a domicilio habitual e permanente da persoa promotora ou da persoa arrendataria, no suposto de que se destinen ao alugamento, por un prazo non inferior a 5 anos (art. 7 Decreto 18/2014 do 13 de febreiro).

3.- Comunicarlle ao órgano instrutor ou Concello de Vilar de Santos calquera modificación das condicións que motivaron o recoñecemento da subvención que poida determinar a perda sobrevida do dereito á axuda.

4.- Someterse ás actuacións de comprobación e inspección que o Instituto Galego de Vivenda e Solo e o Concello de Vilar de Santos consideren pertinentes durante a execución da actuación e vixencia da subvención.

5.- Facilitarlle toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, Tribunal de Contas e polo Concello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións ou polo Concello e IGVS.

6.- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos incluídos os documentos electrónicos en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

7.- Subministrarlle ao IGVS toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

8.- As demais obrigas recollidas na lexislación vixente de aplicación a esta convocatoria, en especial as contempladas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións, e nos artigos 11 e 12 de la Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e demais que deriven da Resolución do Instituto Galego de Vivenda e Solo do 03/08/2018 polo que se regula o procedemento para a participación no Programa de fomento e rexeneración urbana e rural do Plan estatal de vivenda 2018-2021 e do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo.

Base 8. Contía das axudas económicas.

1) As subvencións estatais serán ata o 40% do orzamento protexible cunha contía máxima dependendo do tipo de actuación:

- Para obras de conservación e accesibilidade (artigo 51 e 43 do Plan estatal de vivenda): 8.000 €.

- Para obras de eficiencia enerxética con redución de demanda enerxética (artigo 36 do Plan estatal de vivenda): 12.000 € por vivenda.

- No caso de edificios, incrementaranse estas contías con 120 euros por cada metro cadrado de superficie construída de local comercial ou outros usos.

Estas subvencións estatais poderán acadar o 75% do orzamento protexible, coas contías máximas antes indicadas, cando:

- Vivendas de unidades de convivencia residente que teña ingresos inferiores a 3 veces o IPREM.

- Vivendas con residentes discapacitados e obras de accesibilidade.

- Vivendas con residentes maiores de 65 anos e obras de accesibilidade.

Estas axudas unitarias incrementaranse nun 25% cando as persoas beneficiarias sexan menores de 35 anos (art. 61 Real decreto 106/2018)

2) As subvencións autonómicas serán ata o 10% do orzamento protexible cunha contía máxima de 4.000 € por vivenda.

Base 9. Orzamento protexible.

1. Considerase orzamento protexible, das actuacións de rehabilitación subvencionables relacionadas no artigo 4, o custo real das obras determinado pola suma do prezo total do contrato de execución das obras, os honorarios facultativos e de xestión.

Non se inclúe ningún tipo de taxas, impostos e outros ingresos de dereito público e os tributos satisfeitos por razón das actuacións.

2. O custo total das actuacións subvencionables non poderá superar os custos medios de mercado que a tales actuacións correspondan.

Base 10. Límites xerais das subvencións.

As subvencións outorgaranse con cargo ás partidas orzamentarias ata esgotar o financiamento comprometido no Acordo da Comisión Bilateral do 26 de outubro de 2018, suscrito entre o Ministerio de Fomento, o Instituto Galego de Vivenda e Solo - Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia e o Concello de Vilar de Santos, quedando condicionada a concesión de axudas á existencia de créditos axeitado e suficiente no momento da resolución da concesión, de acordo coa seguinte previsión:

Anualidade 2.020; Mº de fomento; C. Autónoma Galicia Rehabilitación; 40.000,00 €; 8.400,00 €

A contía destas axudas poderá ser modificada á alza cando concorran as circunstancias previstas no artigo 31.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Base 11. Compatibilidade das axudas económicas.

1. As subvencións deste programa son compatibles con calquera outra axuda pública, sempre e cando a suma do importe de todas elas non supere o custo total da actuación concreta.

2. Non poderán ser beneficiarias deste programa as persoas beneficiarias das axudas do Programa de mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas, do Programa de fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas, do Programa de fomento do parque de vivenda en alugueiro e do Programa de fomento de vivendas para persoas maiores e persoas con discapacidade, do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo.

Base 12. Prazo de presentación das solicitudes.

As solicitudes de axuda deberán presentarse no prazo de dous meses e medio a contar desde a publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

Base 13. Procedemento de tramitación das subvencións.

1.- A instrución do procedemento corresponderá á Oficina Municipal de Rehabilitación da ARI, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que deberá formularse a proposta de resolución. O instrutor (Oficina Municipal de Rehabilitación da ARI) emitirá informe no que se acredite, que á vista da información dispoñible, os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

2.- As propostas de outorgamento de subvencións serán realizadas por una comisión avaliadora, que estará integrada por:

- O alcalde do Concello, que presidirá a comisión.

- O secretario-interventor do concello.

- O técnico do Servizo Municipal de Urbanismo.

- O técnico de Servizos Sociais do concello.

- O director da Oficina de Rehabilitación, que actuará como relator da comisión.

3.- A Alcaldía á vista do expediente, formulará a proposta de cualificación provisional, debidamente motivada.

4.- Unha vez executadas as obras obxecto de subvención e acreditado pola Oficina Municipal de Rehabilitación o cumprimento das condicións establecidas, formularase a proposta de cualificación definitiva.

5.- A Alcaldía á vista do expediente, formulará a proposta de cualificación definitiva, debidamente motivada.

6.- As propostas de cualificación provisional e definitiva non crean dereito ningún en favor do beneficiario proposto, fronte á Administración, mentres non se notificase a resolución da concesión.

#### 7. Prazos:

a.- Para a presentación da solicitude: dous meses contados desde a publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Ourense

Poderán admitirse solicitudes fóra do prazo establecido cando, por causa xustificada, non se puidesen presentar no prazo indicado. Estas peticións tramitaranse de acordo coas presentes

bases, agás no que se refire ao cumprimento do prazo e estarán supeditadas á existencia de dispoñibilidade orzamentaria.

b.- Xustificación da actuación: as obras estarán rematadas no prazo máximo establecido no acordo de cualificación provisional das axudas, dentro da anualidade correspondente.

8.- A resolución do procedemento notificarase aos interesados.

Os acordos da Alcaldía de concesión ou denegación das subvencións poñen fin á vía administrativa.

As cualificacións provisionais e definitivas de rehabilitación, expedidas polo órgano competente da comunidade autónoma, ou as resolucións polas que se denegan, remitiranse aos interesados pola Oficina de Rehabilitación.

#### Base 14. Criterios para a concesión das subvencións.

As subvencións serán outorgadas polo procedemento de concorrencia competitiva.

A valoración de cada solicitude levarase a cabo pola Oficina de Rehabilitación e farase de acordo cos seguintes criterios, tendente a acadar o maior “interese de rehabilitación”, e por orde decrecente de importancia:

#### 1- Prioridade segundo o nivel de ingresos:

Terán prioridade os solicitantes con menores ingresos segundo a determinación e acreditación dos ingresos da unidade de convivencia ponderados en función do número de compoñentes e tamén, de ser o caso, das discapacidades destes. Todo isto virá acompañado por informe dos Servizos Sociais do Concello de Vilar de Santos.

- Ingresos unidade de convivencia ata 3,00 veces o IPREM: 4 puntos.

- Ingresos unidade de convivencia ata 4,00 veces o IPREM: 2 puntos.

#### 2- Prioridades segundo o tipo de actuación:

Terán preferencia aquelas actuacións de rehabilitación integral ou cun orzamento de execución material que destine maior porcentaxe a actuacións na envolvente térmica.

- Rehabilitacións integrais ou cun orzamento de execución material que destine máis dun 80% a este tipo de actuacións: 4 puntos.

- Actuacións cun orzamento de execución material que destine máis dun 50% a actuacións de mellora na envolvente térmica: 2 puntos.

- Resto de intervencións: 1 punto.

#### 3- Prioridade segundo o destino da vivenda:

- Destinadas a vivenda habitual: 4 puntos

- Destinadas a alugueiro: 2 puntos

4 - Prioridade segundo antigüidade das edificacións:

Terán preferencia as edificacións con maior antigüidade.

-Edificacións de 50 ou máis anos: 2 puntos

-Edificacións de máis de 30 anos e menos de 50 anos: 1 punto

5.- Resolución en caso de empate a puntos:

Terán preferencia aquelas que presenten a documentación completa esixible segundo as bases con máis antelación no tempo. No caso de solicitudes que completasen a documentación ao mesmo tempo, terán preferencia as que temporalmente se presentasen antes no rexistro municipal.

Base 15. Presentación de solicitudes e documentación.

1.- As solicitudes presentaranse en modelo normalizado no rexistro xeral do concello ou por calquera dos medios establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

2.- A presentación da solicitude de subvención implica a aceptación das bases da presente convocatoria, así como a autorización para acadar os datos en poder das administracións públicas que sexan necesarios para a tramitación da solicitude (certificación expedida polo tesoureiro municipal que acredite que se encontran ao día nas súas obrigas fiscais do concello).

3.- As deficiencias na solicitude e as omisións nos documentos preceptivos deberán emendarse, tras o requirimento previo, no prazo de dez días dende a notificación, na que se indicará que se non se fixese así, terase por desistido da súa petición.

4.- Con carácter xeral, xunto coa solicitude, presentarase a seguinte documentación:

#### 1) Documentación relativa ao solicitante:

-Fotocopia do DNI do solicitante e, de ser o caso, do seu representante formalmente nomeado. No caso de persoa xurídica, documentación acreditativa da súa constitución.

-Certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria, da Tesourería Xeral da Seguridade Social e da Consellería de Facenda de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social (poderá presentarse declaración responsable, pero non se poderá proceder ao pagamento da subvención mentres non se presenten os certificados).

-Declaración responsable de non estar incurso nos supostos de prohibición de obter a condición de beneficiario sinaladas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de decembro de subvencións do Estado.

-Declaración responsable de non estar incurso nos supostos do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Declaración responsable de non ter sido suxeito de revogación polo órgano competente dalgunha Comunidade Autónoma ou das cidades de Ceuta e Melilla dalgunha das axudas contempladas neste ou en anteriores plans estatais de vivenda por causa imputables ao solicitante.

-Declaración responsable de cumprimento das obrigas sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

-Declaración xurada de todas as subvencións solicitadas e concedidas para as actuacións subvencionables, de acordo co previsto no artigo 14.1.d) da LXS.

- No suposto de comunidade de propietarios ou agrupación de comunidades de propietarios, presentarase ademais:

a) Documento acreditativo da súa constitución.

b) Documento acreditativo da representación con que se actúa.

c) Xustificación da titularidade do edificio (Inscripción no Rexistro da Propiedade)



d) Acordo da comunidade de propietarios que autorice a execución das obras e a solicitude de subvención ou certificado da persoa titular da secretaria da comunidade referente aos ditos aspectos.

e) Relación de persoas propietarias do edificio, identificando NIF de cada unha (fotocopia), referencia catastral de cada vivenda e local.

f) Certificación de cada persoa propietaria de estar ao día coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, e de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria da Lei 38/2003, do 17 de decembro xeral de subvencións, e da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

g) CIF da comunidade ou agrupación

2) Documentación acreditativa da titularidade do inmovible.

- Contrato de compravenda, certificación ou nota simple do Rexistro da Propiedade, escritura de partición da herdanza, testamento e/ou certificado de últimas vontades, escritura pública de doazón, ou calquera outra documentación que acredite suficientemente a titularidade do inmovible.

- Nos casos de cotitularidade do inmovible, a autorización para realizar as obras e solicitar as axudas asinada por todos os cotitulares.

3) Documentación relativa ás obras para realizar:

- Declaración responsable de todas as subvencións solicitadas e concedidas para as actuacións subvencionables por estas bases, o importe da axuda solicitada ou obtida, así como administración, organismo ou entidade pública que concede a subvención.

- Documento técnico redactado por técnico competente coa denominación de proxecto básico e execución ou memoria técnica que recolla a definición das obras para subvencionar de xeito suficiente (entre outros situación, número de vivendas e locais, superficie construída sobre rasante, superficie sobre rasante con uso residencial, reportaxe fotográfica das obras que se van realizar, orzamento, superficie útil, prazo de execución de obras) para que os servizos técnicos municipais poidan emitir unha proposta favorable sobre elas por axustarse á normativa urbanística de aplicación e ás normas reguladoras da presente subvención.

- Licenza urbanística de obra concedida ou comunicación previa das obras, segundo o suposto que proceda. Para os efectos de presentarse á presente convocatoria, bastará acreditar a solicitude de licenza de obras ou comunicación previa antes da cualificación provisional (obtida a cualificación provisional, ábrese o prazo de 1 mes para tramitar a solicitude licenza/comunicación municipal de obras).

- Certificación expedida polo órgano competente da comunidade, ou da persoa xurídica, de acordo da comunidade de propietarios que autorice a execución das obras e a solicitude da subvención.

4) A documentación acreditativa dos ingresos da unidade de convivencia:

Para o cálculo partírase das contías da base impositiva xeral e do aforro reguladas nos artigos 48.e 49, respectivamente, da Lei 35/2006, do 28 de novembro.

- Documentación acreditativa de ingresos. Certificado de rendas, expedido pola AEAT, ou documentación que o substitúa,

- Documentación acreditativa da composición familiar: libro de familia, certificados do Rexistro Civil ou calquera outra documentación que acredite a composición familiar.

- Certificación expedida por administración pública competente do grao de discapacidade, de ser o caso.

- Certificados doutra documentación acreditativa de circunstancias que se valoren para o cálculo dos ingresos da unidade de convivencia.

5) Documentación relativa á antigüidade e ao uso da vivenda:

- Cando o solicitante sexa ou vaia ser residente habitual e permanente da vivenda para rehabilitar, deberá achegar certificado de empadramento ou compromiso escrito de destinar a vivenda á súa residencia habitual e permanente dende o remate das obras e durante un prazo mínimo de 5 anos

- Cando o solicitante non habite na vivenda para rehabilitar, deberá achegar co compromiso escrito de destinar a súa residencia familiar habitual e permanente ou de terceiras persoas dende o remate das obras e durante un prazo mínimo de 5 anos.

- Acreditación da antigüidade da vivenda (documentos, certificación catastral, etc.).

6) Documentación da discapacidade e idade:

No caso de obras de mellora de accesibilidade, poderán acollerse ao incremento do 75% (do Ministerio de Fomento) e do 10% (da Xunta de Galicia) sempre que se acredite na unidade de convivencia da persoa propietaria ou arrendataria, promotora da actuación e residente na vivenda ou edificio, a convivencia de persoas con discapacidade ou maiores de 65 anos. Achegaranse para acreditar cada unha destas dúas circunstancias, segundo corresponda en cada caso:

- Certificado de discapacidade dos membros da unidade de convivencia dependentes ou con discapacidade recoñecida.

- Documento acreditativo da idade do membro da unidade de convivencia maior de 65 anos (DNI, certificado de nacemento...).

7) Documentación de mellora enerxética:

No caso de solicitar axudas por obras de mellora da eficiencia enerxética, será necesario achegar o certificado calculado mediante programas informáticos recoñecidos polo Ministerio para a Transición Ecolóxica (que se atopan no rexistro xeral de documentos recoñecidos para a certificación da eficiencia enerxética dos edificios) do estado previo e xustificar a mellora obtida que deberá ser polo menos unha redución da demanda enerxética anual global do 25%.

Base 16. Execución das obras.

1. As obras deberán iniciarse no prazo máximo de dous meses a partir da notificación da cualificación provisional da subvención por parte do IGVS.

Poderá obterse unha prórroga pola metade do prazo inicial, despois de solicitude xustificada. Unha vez transcorrido este período sen que comezasen as obras, poderase proceder á retirada da subvención inicialmente outorgada, tras o expediente previo con trámite de audiencia ao interesado/a.

2. O/a solicitante promotor/a das obras comunicarlle formalmente ao concello a data de comezo das obras, e deberá colocar no exterior da edificación o cartel informativo do programa de axudas para a rehabilitación, de acordo co deseño que se establece no manual de imaxe corporativa do Plan vivenda 2018 - 2021, que deberá permanecer hasta o cobro total das axudas solicitadas.

3. O prazo de execución para realizar as obras virá determinado na cualificación provisional. O incumprimento deste prazo poderá determinar a perda da subvención solicitada.

4. As obras deberán axustarse ás prescricións contidas no proxecto técnico ou documentación que serviu de base para a cualificación provisional e a concesión inicial das axudas, non admitíndose máis modificacións na súa execución que as autorizadas polo IGVS, tras o informe favorable da Oficina de



Rehabilitación e que, en todo caso, deberán estar amparadas pola correspondente licenza urbanística ou actuación comunicada declarada eficaz.

5. A Oficina de Rehabilitación prestará o seu asesoramento técnico na execución das obras e poderá, en todo caso, supervisar de oficio as obras, incluso coa participación dos técnicos do IGVS, con obxecto de comprobar a súa correcta execución e o cumprimento das condicións ás que estean sometidas en virtude das axudas concedidas.

Base 17. Xustificación de remate das obras e do gasto.

1. A xustificación do remate das obras e do seu custo deberá presentarse no prazo dun (1) mes desde o remate desta.

A efectiva execución das actuacións, e o seu custo, terá que acreditarse mediante a presentación da conta xustificativa e, orixinal ou fotocopia compulsada, das facturas correspondentes emitidas pola empresa contratada para a execución das obras, coa firma do técnico competente se a natureza dos traballos así o esixe, e os xustificantes de pago destas.

2. As facturas reunirán en todo caso os seguintes requisitos: número, nome, razón social, enderezo fiscal NIF ou CIF de quen emite a factura; nome ou razón social do pagador coseu enderezo ou enderezo fiscal e NIF ou CIF. O IVE presentarse sempre desagregado. O produto vendido ou servizo facturado deberá quedar claramente descrito na factura.

3. Os pagamentos deberán acreditarse a través de transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto de pagamento bancario nos que queden claramente identificados o receptor e o emisor do pago. Non se admitirán os pagos nin os ingresos en efectivo.

4. A proposta de cualificación definitiva, elaborada pola Oficina de Rehabilitación e aprobada polo órgano municipal correspondente, será remitida ao IGVS para a súa cualificación definitiva.

5. En obras que precisen licenza de primeira ocupación, a solicitude desta será imprescindible para continuar co trámite de aprobación definitiva das axudas.

6.- O beneficiario deberá comunicarlle ao concello o remate destas mediante a presentación de modelo normalizado acompañado da documentación final de obra que consta nel:

- Declaración de que as obras se realizaron segundo a memoria/proxecto presentado.
- Fotografías a cor do edificio e das zonas que se rehabilitaron.
- Fotografías a cor da fachada do edificio coa inclusión do cartel exterior coa imaxe corporativa do Plan vivenda e do Ministerio de Fomento, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, segundo o modelo establecido.
- Facturas polo importe das obras (que deberán coincidir co detallado por unidade de obra do orzamento protexido) e documentos bancarios de pagamento das anteditas actuacións, que deberán estar pagadas pola persoa beneficiaria que figure na cualificación provisional.
- Certificado de titularidade, en modelo normalizado, da conta bancaria que designe para o pago da subvención.
- Licenza de obra que deberá de axustarse ás actuacións executadas, así como ás que foron obxecto da cualificación provisional.
- Certificado final de obra asinado polo técnico competente no caso de execución de obras maiores.
- Licenza de primeira ocupación, se fose necesaria.

Base 18. Pagamento das subvenciones.

1. O pagamento realizarase unha vez que o IGVS conceda a cualificación definitiva e emita a resolución de aboamento da

subvención e o concello deberá xustificarllo ao IGVS no prazo de 1 mes dende que se realizou o oportuno pagamento.

2. A contía da subvención será a que resulte de aplicar o disposto no artigo 8 ao custo final efectivamente xustificado das actividades subvencionadas.

3. Con carácter previo ao pago da subvención, o/a beneficiario/a deberá presentar certificados de que se atopa ao corrente dos pagos coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a Axencia Tributaria de Galicia.

4. O/a beneficiario/a deberá presentar tamén certificado de titularidade, en modelo normalizado, da conta bancaria que designe para o pago da subvención.

Base 19. Causas de denegación e perda das axudas.

As axudas poderán ser denegadas ou canceladas polas seguintes causas:

1. Non reunir as condicións esixidas por estas bases, relativas aos solicitantes ou aos inmobles para rehabilitar.
2. Comezar as obras antes da presentación da solicitude.
3. A realización de obras non previstas no proxecto e que non estean autorizadas polo IGVS nin amparadas por licenza urbanística outorgada ou comunicación previa eficaz.
4. A comisión de infraccións urbanísticas graves ou moi graves nas obras de rehabilitación subvencionadas.
5. A incorrecta execución das obras, apreciada polo Servizo de Rehabilitación.
6. A non execución de obras previstas inicialmente que teñan incidencia nas condicións de habitabilidade respecto do estado previo do inmovble.
7. Iniciar as obras sen dar conta á Oficina de Rehabilitación.
8. O incumprimento dos prazos sinalados para a execución das obras ou para a xustificación dos gastos.
9. O impedimento ou obstrución do acceso ás obras, por parte do promotor ou do contratista, aos técnicos da Oficina de Rehabilitación.
10. Non manter colocado o cartel da obra facilitado pola Oficina de Rehabilitación.
11. A falta de comunicación do remate das obras no prazo máximo dun mes.
12. O incumprimento de calquera dos requisitos previstos no RD 106/2018

De apreciarse a existencia dalgún incumprimento non esencial dalgunha das condicións impostas con motivo da concesión da subvención, pero que poida ter incidencia na contía concreta da subvención outorgada, procederá, se é o caso, o reintegro parcial desta, tendo en conta para o seu cálculo criterios de proporcionalidade e valorando, entre outras circunstancias, a actuación conxunta do beneficiario tendente á satisfacción dos seus compromisos e a posibilidade de acadar, malia o incumprimento, o logro efectivo da finalidade perseguida coa subvención.

Base 20. Reintegro das subvenciones.

1. Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente desde o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos e co procedemento que se establece nos artigos 32 e ss. da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

2. A comisión dunha infracción que vulnere a normativa de aplicación ou dunha infracción urbanística tipificada como grave ou moi grave nos inmobles obxecto das axudas por parte dos seus beneficiarios/as, no prazo de catro anos desde o outorgamento definitivo da subvención, determinará a obriga de devolver o seu importe cos xuros que correspondan, sen prexuízo das sancións que se lles puidesen impor.



3.- Os demais supostos previstos no artigo 26 da Resolución do 3 de agosto de 2018 pola que se regula o procedemento para a participación no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal de vivenda 2018-2021, Base 21. Normativa de aplicación.

A concesión destas axudas rexeráse pola Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

Ademais, e en todo o non descrito nas presentes bases, serán lles de aplicación as seguintes disposicións:

- Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, polo que se regula o Plan estatal de vivenda 2018-2021

- Resolución do IGVS do 3 de agosto de 2018 pola que se regula o procedemento para a participación no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal de vivenda 2018-2021, se abre o prazo de presentación de solicitudes e se establecen as bases reguladoras das axudas previstas para este programa.

- Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.

- Acordo de Comisión Bilateral asinado entre o Ministerio de Fomento, a Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia - Instituto Galego de Vivenda e Solo e o Concello de Vilar de Santos, con data de 26 de outubro de 2018, para o financiamento da ARI do Núcleo Rural de Vilar de Santos.

- Demais normativa pertinente de aplicación.

Base 22. Tratamento de datos de carácter persoal.

Os datos das persoas solicitantes serán incorporados aos ficheiros municipais, cuxa finalidade é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións reguladas por estas bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación das actividades subvencionadas e demais actuacións previstas na normativa legal para a conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa presentación é obrigatoria.

Base 23. Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión de axudas.

As bases reguladoras da concesión das axudas do Plan estatal 2018-2021, segundo o convenio asinado entre o Concello de Vilar de Santos, a Xunta de Galicia e o Ministerio de Fomento para o desenvolvemento do programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan estatal 2018-2021, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e na páxina web do concello.

As bases reguladoras e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaránse na Oficina de Rehabilitación do Núcleo Rural de Vilar de Santos.

Base 24. Vixencia.

Estas bases entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e terán vixencia ata o 31 de decembro de 2021, data na que remata o Plan estatal 2018 - 2021, de non existir disposición que modifique ou prorrogue esta data de vixencia do Plan estatal para a aplicación do programa que se desenvolve nestas bases.

Vilar de Santos. O alcalde.

Asdo.: Xoán Xosé Jardón Pedras.

Documento asinado electronicamente

*Por acordo de la Alcaldía, con fecha 08/03/2021, se aprobaron las bases reguladoras de la convocatoria para la concesión de subvenciones para la rehabilitación de edificios y viviendas*

*en el Área de Regeneración y Renovación Urbana del Núcleo de Vilar de Santos (Área de Rehabilitación Integral (ARI) del núcleo rural de Vilar de Santos); Plan Estatal de Vivienda 2018-2021 (RD 106/2018).*

*Bases y convocatoria para la concesión de subvenciones para el Área de Regeneración y Renovación Urbana del Núcleo de Vilar de Santos (Área de Rehabilitación Integral (ARI) del núcleo rural de Vilar de Santos)*

*Plan Estatal de Vivienda 2018-2021 (RD 106/2018):*

*Base 1. Objeto.*

*El objeto de las presentes bases es la regulación de la concesión de subvenciones para la rehabilitación de edificios y viviendas ubicadas en el ámbito del Área de Rehabilitación Integral / Área de Regeneración y Renovación Urbana, en adelante ARRU / ARI, del núcleo rural de Vilar de Santos, en base al convenio suscrito el 30 de julio de 2018 entre el Ministerio de Fomento y la Comunidad Autónoma de Galicia para la ejecución del Plan estatal de vivienda 2018 - 2021, así como al Acuerdo de la Comisión Bilateral del 29 de octubre de 2021, suscrito entre el Ministerio de Fomento, el Instituto Galego de Vivenda e Solo - Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda de la Xunta de Galicia, y el Ayuntamiento de Vilar de Santos, que remata el 31 de diciembre del 2021.*

*Base 2. Principios generales.*

*La gestión de las ayudas a la rehabilitación de viviendas regulada en las presentes bases se realizará de acuerdo con los principios de publicidad, transparencia, objetividad, igualdad y no discriminación, así como de eficacia en el cumplimiento de los objetivos fijados y de la eficacia en la asignación y utilización de los recursos públicos.*

*Base 3. Ámbito de las actuaciones.*

*Las actuaciones de rehabilitación se extenderán, exclusivamente, al Área de Rehabilitación Integral (ARI) del Núcleo Rural de Vilar de Santos, declarada el 21 de junio del 2011.*

*Base 4. Actuaciones subvencionables.*

*Con carácter general, serán subvencionables las actuaciones recogidas en los artículos 36, 43 y 51 del Real Decreto 106/2018, de 9 de marzo, por el que se regula el Plan Estatal de Vivienda 2018-2021, que se pueden resumir en las siguientes:*

*a) Obras de conservación y/o adecuación estructural y de seguridad de los edificios.*

*b) Obras de mejora de la eficiencia energética y de sostenibilidad.*

*c) Obras de mejora de la seguridad de utilización y de la accesibilidad, así como de adecuación de las viviendas y de sus accesos a la normativa vigente de accesibilidad.*

*d) Otras obras que impliquen adaptar los edificios, las viviendas y sus instalaciones a los nuevos estándares establecidos por la noticia normativa de aplicación, aun en los casos en los que dicha normativa no obligue a su ejecución.*

*Se podrán incluir los honorarios de los profesionales, el coste de redacción de proyectos, informes técnicos y certificados precisos, así como los gastos derivados de la tramitación administrativa, siempre que todos ellos estén debidamente justificados.*

*No se podrán incluir impuestos, tasas o tributos.*

*A estos efectos, se considerarán como costes derivados de la tramitación administrativa aquellos gastos que el solicitante pudiera satisfacer a una empresa o profesional por llevar a cabo la gestión administrativa y documental de su solicitud y de las actuaciones recogidas en ella; además de estar reflejados tanto en los presupuestos presentados para la calificación*

provisional como en las facturas presentadas para la obtención de la calificación definitiva.

#### Base 5. Requisitos generales.

A los efectos de obtener las ayudas previstas en las presentes normas de procedimiento, será necesario el cumplimiento de los siguientes requisitos:

1.- Los inmuebles y los usos para los que se soliciten ayudas deberán ser conformes con el Plan general de ordenación municipal de Vilar de Santos y con el resto de determinaciones de la normativa en vigor.

2.- Las obras proyectadas deberán obtener la preceptiva licencia municipal de obras o, de ser el caso, tramitar la comunicación previa oportuna, así como disponer de todas las autorizaciones sectoriales preceptivas.

3.- No se subvencionarán obras o partidas de obras iniciadas con anterioridad a la realización de la primera visita técnica al inmueble por parte de los técnicos de la Oficina de Rehabilitación. Y no se subvencionarán obras rematadas con anterioridad a la resolución provisional de la concesión de la subvención.

4.- La edificación o vivienda, una vez finalizadas las actuaciones, debe tener uso residencial permanente, para uso propio o alquiler.

5.- Las obras que se dirijan a la actuación sobre los elementos comunes del edificio deberán garantizar las debidas condiciones de coherencia técnica y constructiva con el estado de conservación del edificio y de las instalaciones.

6.- No se podrán subvencionar actuaciones en los edificios y viviendas en los que, con la realización de las obras, no se obtengan las debidas condiciones de seguridad y de habitabilidad de las viviendas.

7.- Los edificios deberán tener, por lo menos, el 60% de su superficie útil destinada al uso de vivienda.

#### Base 6. Beneficiarios.

